

CURSOS TEMPADA 2019-2020

HISTORIA DA ARTE

A evolución do proceso creativo. De Miguel Ángel a Jean-Michel Basquiat

23 outubro 2019 – 26 novembro 2020

Debido á crise sanitaria derivada da Covid-19, as sesións presenciais interrumpíronse a partir do 13 de marzo, alterando as datas previstas no calendario inicial. As 7 sesións pendentes terán lugar a partir do 1 de outubro de 2020.

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Ana Pereira Molares

Lugar: Galería A3, planta baixa

Datas: do 23 outubro 2019 ao 26 novembro 2020

Horario:

MÉRCORES de 19.00 a 20.30 (sesións 1 a 17)

XOVES de 19.00 a 20.30 (sesións 18 a 24)

Total número sesións: 24

RESUMO / PRESENTACIÓN

Hoxe máis que nunca, o mundo da creación artística vive inmerso nunha sucesión acelerada e imparabile de tendencias e artistas cuxo coñecemento é imprescindible para comprender a arte do noso tempo. Pero non é menos certo que neste proceso tamén se fai necesario formular algo así como un tempo de reflexión, e —por que non— de volta e de valoración das fontes artísticas clásicas, máis presentes na arte actual do que unha lectura superficial sobre esta realidade poidera dar a entender.

Esta será a liña discursiva sobre a que se articula este novo curso, titulado “A evolución do proceso creativo. De Miguel Ángel a Jean-Michel Basquiat”. O seu obxectivo principal é non só reivindicar a importancia dunha serie de artistas cuxas personalidades creativas marcaron os seus diferentes contextos cronolóxicos e estilísticos, senón constatar a súa influencia sobre a creatividade máis contemporánea, da que teñen sido fontes constantes e incuestionables.

PROGRAMA

A evolución do proceso creativo. De Miguel Ángel a Jean-Michel Basquiat

23 outubro 2019 – 26 novembro 2020

Sesión 1 (mércores 23 outubro)

Miguel Ángel Buonarroti. A apoteose da creación

Sesión 2 (mércores 30 outubro)

Michelangelo Merisi da Caravaggio. Un rebelde incomprendido

Sesión 3 (mércores 13 novembro)

Gian Lorenzo Bernini. Un exemplo de artista completo e de éxito profesional

Sesión 4 (mércores 20 novembro)

Pedro Pablo Rubens e Rembrandt van Rijn. Dúas visións diferentes dunha mesma realidade

Sesión 5 (mércores 27 novembro)

Diego Velázquez. Un reflexo da sociedade española do século XVII

Sesión 6 (mércores 4 decembro)

Francisco de Goya. A pintura como testemuña do seu tempo

Sesión 7 (mércores 11 decembro)

Jacques-Louis David e Eugène Delacroix: a razón e a pasión

Sesión 8 (mércores 18 decembro)

Os inicios da ruptura coa tradición. O Impresionismo. Claude Monet: o poder da impresión

Sesión 9 (mércores 8 xaneiro)

Vincent van Gogh. A pintura como táboa de salvación

Sesión 10 (mércores 15 xaneiro)

O nacemento dunha nova linguaxe escultórica e dunha diferente percepción das formas. Auguste Rodin e Camille Claudel

Sesión 11 (mércores 22 xaneiro)

Cambio de século e cambio de estilo: o Modernismo. Gustave Klimt e Antoni Gaudí

Sesión 12 (mércores 29 xaneiro)

O novo século e as novas formulacións estéticas: Henri Matisse e o Fauvismo

Sesión 13 (mércores 5 febreiro)

Pablo Ruiz Picasso. A xenialidade dun século

Sesión 14 (mércores 12 febreiro)

Wassily Kandinsky. A aventura da abstracción

Sesión 15 (mércores 19 febreiro)

O Surrealismo ou a última das vangardas históricas. Joan Miró e Salvador Dalí

Sesión 16 (mércores 26 febreiro)

O especial protagonismo feminino no Surrealismo. Frida Kahlo e Maruja Mallo

Sesión 17 (mércores 4 marzo)

Os cambios tamén chegan á arquitectura: Le Corbusier e Frank Lloyd Wright. Os profetas da arquitectura moderna

Sesión 18 (xoves 1 outubro)

A arte na segunda metade do século XX: Jackson Pollock e Mark Rothko. A acción e a meditación

Sesión 19 (xoves 8 outubro)

A modernidade chega a España. Antoni Tàpies e Antonio Saura: dúas interpretacións españolas da pintura informalista

Sesión 20 (xoves 22 outubro)

A volta á iconicidade. Robert Rauschenberg e Andy Warhol. A arte inspírase na rúa

Sesión 21 (xoves 29 outubro)

A peculiaridade do Pop Art español: Eduardo Arroyo e o Equipo Crónica

Sesión 22 (xoves 12 novembro)

Francis Bacon e Lucian Freud, ou a visión atormentada da realidade

Sesión 23 (xoves 19 novembro)

A tecnoloxía conquista a creación arquitectónica: Richard Rogers e Norman Foster

Sesión 24 (xoves 26 novembro)

Miquel Barceló: entre a fantasía e a realidade. Jean-Michel Basquiat: outro rebelde incomprendido